

PROCESO DE MATRICULACIÓN 2018-19

NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

- [DECRETO 254/2012, do 13 de decembro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [ORDE do 12 de marzo de 2013](#) pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [ORDE do 25 de xaneiro de 2017](#) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

POSTOS VACANTES PARA O CURSO 2018-19

<u>EDUCACIÓN</u>	
4º CURSO. (3 ANOS)	22 PRAZAS + 3 PRAZAS ACNEAE
5º CURSO. (4 ANOS)	5 PRAZAS
6º CURSO. (5 ANOS)	0
<u>EDUCACIÓN</u>	
1º CURSO	0
2º CURSO	4
3º CURSO	0
4º CURSO	1 PRAZAS
5º CURSO	0
6º CURSO	0

COLEXIO PLURILINGÜE S. PÍO X

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

DO 1 AO 20 DE MARZO DE 2018 (ambos inclusive)

O formulario normalizado (ED550B) será facilitado gratuitamente no Colexio e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da consellería competente en materia de educación e na propia páxina web do colexio, pode cubri-lo no ordenador.

As solicitudes de admisión, presentaranse mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso «[admisionalumnado](#)».

Tamén se poderán presentar por duplicado de forma presencial no centro docente nos horarios de secretaría, xefatura ou dirección e os martes de 16:00 a 16:50 h d'os 1 ao 20 de marzo

Esta solicitude será única e terá carácter vinculante (Artigo 14.2).

Débese cubrir todos os datos.

No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos proxenitores.

(Artigo 14.4)

Segundo a lexislación vixente cada alumna e alumno só pode presentar **unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar**, advírtese que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

PROCESO DE BAREMACIÓN

En caso de ser necesario o proceso de baremación, POR MOTIVOS DE RECIBIR MÁIS SOLICITUDES QUE VACANTES, o Centro solicitará máis documentación ás familias.

***Para o cálculo da renda familiar: Sumar as casiñas 392 e 405 da declaración da renda 2016
Dividir entre o número de membros computables da unidade familiar a 28 de febreiro de 2018, co resultado acadado é co que se fai a comparativa tomando como referencia o IPREM (6.390, 13€ /ano)**

COLEXIO PLURILINGÜE S. PÍO X

CALENDARIO DE PUBLICACIÓN DAS LISTAXES E MATRICULACIÓN

Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos

24 de ABRIL

Reclamación das listaxes provisionais, na Secretaría do centro

5 días a partir da publicación.

Publicación das listaxes definitivas

14 de MAIO

Reclamación ante a persoa titular da xefatura territorial

un mes a partir da notificación

Formalización de matrícula en EI e EP

Do **20 ao 30 de xuño**

ÁREAS DE INFLUENCIA DO CENTRO E ÁREAS LIMÍTROFES

ÁREAS DE INFLUENCIA:

Perímetro comprendido por: parte leste da N-540 desde os límites do termo municipal ata cruce con Avenida de Marcelo Macías (Fonsillón, Laxas...). Marcelo Macías, rúa Domingo Fontán, rúa da Coruña, ata vía do tren. Parte oeste da vía férrea ata o límite do termo municipal (Cruceiro Quebrado, Residencia...).

Todas as rúas interiores dentro deste perímetro

ÁREAS LIMÍTROFES:

Resto do municipio

27 de febreiro de 2018